# NAS MARXES

DO 2 AO
12 DE XULLO
DE 2026
CONVENTO DE
SANTA CLARA

BIENAL DE
ARTES VIVAS
PONTEVEDRA

N A S M A R X E S
CONVENTO DE SANTA CLARA
BIENAL DE ARTES VIVAS PONTEVEDRA
DO 2 AO 12 DE XULLO DE 2026

# ARTE NAS MARXES, PONTEVEDRA NO CENTRO

A Bienal de Artes Vivas de Pontevedra non xorde da nada. Nace e medra como unha extensión natural da Bienal de Arte, que na súa última edición xa incorporara as artes vivas como unha das súas liñas máis estimulantes. O que daquela era unha apertura convértese agora nun proxecto propio, cunha identidade definida e unha clara vocación de continuidade. Non é só unha nova cita cultural: é a confirmación dun camiño.

Desde a Deputación de Pontevedra entendemos a cultura como unha aposta estratéxica, un motor de cohesión, identidade e desenvolvemento. Neste compromiso, o Museo de Pontevedra desempeña un papel fundamental como institución de referencia, capaz de activar propostas que dialogan co presente e proxectan o noso territorio cara ao futuro. A Bienal de Artes Vivas forma parte desa mirada ambiciosa e transformadora.

Falamos dunha cultura que se expande, que se achega á cidadanía e que atopa novos espazos para acontecer. Que fala da creación e dos relatos nas marxes e das marxes, pero que sitúa a Pontevedra no centro.

Neste sentido, a incorporación do convento de Santa Clara á rede museística marca un fito especialmente significativo. A súa apertura ao público é a confirmación de que a súa apertura á cidadanía da provincia está en marcha. Un símbolo para unha nova forma de entender o patrimonio: non como algo estático, senón como un lugar vivo, aberto á creación contemporánea e ao desfrute colectivo.

A Bienal de Artes Vivas sitúase precisamente nese punto de encontro entre espazo, corpo e experiencia. Unha proposta que convida a vivir a arte en presente, a compartila e a sentila como algo próximo. Unha programación que dialoga co territorio e coa súa xente, reforzando a nosa estratexia de descentralización e proximidade cultural.

Este proxecto non sería posible sen a visión e o impulso do vicepresidente da Deputación, Rafa Domínguez. Tampouco sen o compromiso e o rigor do equipo do Museo de Pontevedra. Persoas e entidades que con entusiasmo e profesionalidade están a facer do Museo, da cidade e da provincia de Pontevedra un epicentro global para a cultura e a creación artística.

Con esta primeira edición da Bienal de Artes Vivas, Pontevedra consolídase como un territorio dinámico e efervescente, onde a cultura non só se contempla, senón que se vive. Un espazo aberto á creación, ao encontro e á emoción. Un lugar onde a arte, simplemente, acontece.

Luis López Diéguez
Presidente da Deputación de Pontevedra

# SANTA CLARA: ABRIR PARA TRANSFORMAR

A Bienal de Pontevedra non foi un regreso puntual. Foi, en realidade, o inicio dunha mutación máis profunda, case silenciosa, como esas mareas que parecen retirarse sen facer ruído pero que, ao volver, cambiaron a forma de toda a costa.

Durante anos, moitas cidades caeron nunha tentación comprensible: converter a cultura nunha sucesión de eventos brillantes e fugaces, fogos artificiais que iluminan o ceo durante un instante para desaparecer sen deixar rastro. Pontevedra optou por algo menos espectacular, pero moito máis esixente: construír unha política cultural sostida. Pasar do acontecemento ao sistema. Do excepcional ao estrutural.

Tras a recuperación da bienal, o seguinte paso non era repetir, senón avanzar. Así, nace a Bienal de Artes Vivas, non como un engadido, senón como unha extensión natural. Porque, cando a cultura se entende como política pública, necesita abrirse, expandirse e, en ocasións, incomodarse. Non pode ficar quieta sen empezar a perder sentido.

As artes vivas introducen precisamente ese elemento de tensión. Son efémeras, imprevisibles, difíciles de encaixar en marcos ríxidos. Funcionan como o reverso do museo: onde este conserva, elas transforman; onde un fixa, as outras desbordan. E, con todo, nesa aparente contradición escóndese unha alianza fértil.

Pontevedra decidiu non elixir entre tradición e contemporaneidade, senón obrigalas a convivir. Como dúas correntes que chocan e, en lugar de anularse, ensanchan a canle. E, no medio dese proceso, aparece Santa Clara.

Durante séculos foi un espazo pechado, case alleo ao ritmo da cidade, como un cuarto que se mantén intacto por respecto ou por medo a alteralo. A súa apertura non é só unha operación urbanística, nin sequera exclusivamente cultural. É, sobre todo, unha decisión política.

Porque abrir Santa Clara implica cambiar unha lóxica: o que antes se protexía illándoo, agora presérvase compartíndoo. A ironía é tan evidente como reveladora. Durante xeracións, o valor do lugar residía na súa clausura; hoxe, o seu sentido emerxe precisamente do contrario.

Non foi un camiño sinxelo. Transformar un espazo así esixe algo máis que vontade. Require planificación, recursos e unha determinación que de raro en raro se celebra, porque non produce titulares inmediatos. Hai que decidir como intervir sen borrar, como adaptar sen desfigurar, como facer útil un espazo histórico sen convertelo nun decorado.

A Bienal de Artes Vivas marca un deses momentos nos que un proxecto deixa de ser unha promesa para converterse en experiencia. Santa Clara xa non é só unha idea ben formulada nun plan estratéxico. É un lugar activo. A arte ocorre. A cidade entra. E, nese cruzamento, algo —difícil de medir, pero imposible de ignorar— se transforma.

Santa Clara xa está aberta. E, con ela, tamén unha idea de cidade máis permeable, máis complexa, máis consciente de que o futuro non se improvisa: constrúese.

A Bienal de Artes Vivas é, nese sentido, algo máis ca un evento. É unha declaración en marcha.

E apenas estamos empezando a entender o que significa.

Rafa Domínguez
Presidente da Bienal de Pontevedra e vicepresidente primeiro da Deputación de Pontevedra





NAS MARXES
CONVENTO DE SANTA CLARA
BIENAL DE ARTES VIVAS PONTEVEDRA
DO 2 AO 12 DE XULLO DE 2026

# NAS MARXES

No contexto da Bienal de Arte de Pontevedra de 2025, recentemente recuperada, tivo lugar un primeiro intento de incorporar un programa de artes vivas dentro da súa estrutura xeral. Aquela programación, despregada ao longo dos meses de apertura en distintos espazos da cidade e da provincia, funcionou como un campo de probas, como unha aproximación inicial ás formas en que as prácticas performativas podían entrar en diálogo co contexto da bienal e cos seus públicos.

Máis que un ensaio en sentido estrito, aquela experiencia pode lerse como un xesto de insistencia. Samuel Beckett escribiu “Try again. Fail again. Fail better” (Volve intentalo, fracasa de novo, fracasa mellor). Nesa lóxica inscríbese o impulso que atravesou esa proposta, non tanto baseado nunha idea de ensaio, senón na vontade de insistir, de afinar e de ir máis lonxe nesa convivencia co marco da bienal, ao desprazar os límites do que unha bienal pode acoller.

En 2026 damos un paso máis coa presentación da primeira Bienal de Artes Vivas de Pontevedra, titulada *Nas marxes*. Nas beiras, nos bordos, nos limiares onde as categorías se dilúen e as prácticas atopan outras formas de aparecer. O título remite a eses espazos de fricción e de tránsito entre disciplinas, entre o visual e o escénico, entre o instituído e aquilo que aínda busca o seu lugar. Tamén sinala aquelas obras difíciles de conter nos circuítos habituais, pezas que non terminan de pertencer nin ao teatro nin ao museo e que atopan aquí un contexto propicio para despregarse.

Construír un programa implica articular unha constelación de voces que, en principio, non estaban destinadas a coincidir. Programar é activar un espazo de aproximacións, de encontros entre prácticas, corpos e imaxinarios que, ao entrar en relación, xeran novas formas de lectura. Non se trata só de ordenar propostas segundo unha lóxica pechada, senón de soster un territorio onde o heteroxéneo poida convivir sen resolverse.

O programa configúrase, así, como un campo de tensións entre linguaxes, temporalidades e modos de facer. Nese cruzamento emerxen friccións, afinidades inesperadas, zonas de incerteza e momentos de revelación. Alén de trazar un percorrido estable, proponse abrir un espazo no que cada peza dialogue coas demais e con quen a atravesa.

Neste marco, o papel do público resulta fundamental, pois preséntase unha implicación activa que supón ollar, interpretar, cuestionar, deixarse afectar. O sentido non está dado de antemán e constrúese nese tránsito compartido, para que o programa deveña nunha estrutura aberta, en constante transformación, onde o que aconteza non se limite á escena e se expanda nos encontros, nas preguntas e nas formas de estar xuntos que se xeren tamén en relación co Convento de Santa Clara, sede do evento. Fundado no século xiii e habitado durante máis de setecentos anos por unha comunidade de monxas de clausura, deixa de ser unicamente un lugar de silencio e recollemento para converterse, logo da súa reapertura como sede da Bienal de Pontevedra, nun corpo activo que recibe e modula estas experiencias, nun lugar atravesado por outras presenzas, corpos en movemento, voces, xestos e resonancias que reconfiguran a súa memoria.

Nesta primeira edición, a igrexa, o coro, os xardíns e outros espazos do convento transfórmanse en lugares de encontro entre artistas e públicos. Acceder a lugares durante tanto tempo clausurados abre, tamén, novas posibilidades para as prácticas contemporáneas. A carga histórica e simbólica destes espazos actúa como materia activa coa que traballar. Moitos dos artistas desenvolveron pezas específicas para estes contextos ou adaptaron traballos existentes para dialogar coa arquitectura, coa memoria e coa atmosfera do lugar. O programa inclúe, así mesmo, procesos en curso, traballos en desenvolvemento que se mostran no seu devir e lle permiten ao público asistir á súa construción. Estas propostas articúlanse en relación con iniciativas coma Residencias

Paraíso, o festival Citemor de Montemor-o-Velho ou TNT, Terrassa Noves Tendències, coas que esta bienal establece vínculos e complicidades.

As artes vivas son prácticas artísticas que suceden no aquí e no agora. Reúnen prácticas tan diversas coma a danza contemporánea, a *performance*, o teatro máis experimental, a música en vivo, a arte sonora, as prácticas vocais ou coreográficas, o circo e outras formas híbridas que se sitúan entre as artes visuais e as artes escénicas. Desde esta condición aberta e procesual, atravesada pola incerteza e a experimentación, inscribir unha lóxica de tentativa continua; unha lóxica baseada na secuencia de Beckett, ese intentar, fallar, volver tentar. Cada xesto e cada acción son unha exploración do que aínda non sabemos. Esta bienal propón, nese sentido, volver habitar o convento de Santa Clara desde o movemento, a presenza e a experiencia compartida dos corpos que o activan.

Iñaki Martínez Antelo
Comisario

## O CONVENTO DE SANTA CLARA

A primeira edición da Bienal de Artes Vivas ten lugar no antigo convento de Santa Clara, un enclave histórico que forma parte do Museo de Pontevedra. Fundado en 1271 e transformado ao longo de sete séculos, Santa Clara é hoxe un espazo en transición: da clausura á apertura, do silencio conventual á activación cultural.

As áreas escollidas do conxunto —espazos interiores e exteriores elixidos pola súa singularidade, pola súa acústica, pola súa dimensión e polo seu carácter evocador— ofrecen un marco excepcional para despregar prácticas artísticas que dialoguen co tempo, coa arquitectura e coa memoria do lugar.



N A S M A R X E S
CONVENTO DE SANTA CLARA
B I E N A L D E A R T E S V I V A S P O N T E V E D R A
DO 2 AO 12 DE XULLO DE 2026

## ARTE EN LOS MÁRGENES, PONTEVEDRA EN EL CENTRO

La Bienal de Artes Vivas de Pontevedra no surge de la nada. Lo hace como una extensión natural de la Bienal de Arte, que en su última edición ya había incorporado las artes vivas como una de sus líneas más estimulantes. Lo que entonces era una apertura se convierte ahora en un proyecto propio, con una identidad definida y una clara vocación de continuidad. No es solo una nueva cita cultural: es la confirmación de un camino.

Desde la Diputación de Pontevedra entendemos la cultura como una apuesta estratégica, un motor de cohesión, identidad y desarrollo. En este compromiso, el Museo de Pontevedra desempeña un papel fundamental como institución de referencia, capaz de activar propuestas que dialogan con el presente y proyectan nuestro territorio hacia el futuro. La Bienal de Artes Vivas forma parte de esa mirada ambiciosa y transformadora.

Hablamos de una cultura que se expande, que se acerca a la ciudadanía y que encuentra nuevos espacios para suceder. Que habla de la creación y de los retos de los márgenes y en los márgenes, pero que sitúa a Pontevedra en el centro.

En este sentido, la incorporación del convento de Santa Clara a la red museística marca un hito especialmente significativo. Su apertura al público es la confirmación de que su apertura a la ciudadanía de la provincia está en marcha. Un símbolo de una nueva forma de entender el patrimonio: no como algo estático, sino como un lugar vivo, abierto a la creación contemporánea y al disfrute colectivo.

La Bienal de Artes Vivas se sitúa precisamente en ese punto de encuentro entre espacio, cuerpo y experiencia. Una propuesta que invita a vivir el arte en presente, a compartirlo y a sentirlo como algo cercano. Una programación que dialoga con el territorio y con su gente, reforzando nuestra estrategia de descentralización y proximidad cultural.

Este proyecto no sería posible sin la visión y el impulso del vicepresidente de la Diputación, Rafa Domínguez. Tampoco sin el compromiso y el rigor del equipo del Museo de Pontevedra. Personas y entidades que, con entusiasmo y profesionalidad, están haciendo del Museo, de la ciudad y de la provincia de Pontevedra un epicentro global para la cultura y la creación artística.

Con esta primera edición de la Bienal de Artes Vivas, Pontevedra se consolida como un territorio dinámico y efervescente, donde la cultura no solo se contempla, sino que se vive. Un espacio abierto a la creación, al encuentro y a la emoción. Un lugar donde el arte, simplemente, sucede.

Luis López Diéguez
Presidente de la Diputación de Pontevedra

# SANTA CLARA: ABRIR PARA TRANSFORMAR

La Bienal de Pontevedra no fue un regreso puntual. Fue, en realidad, el inicio de una mutación más profunda, casi silenciosa, como esas mareas que parecen retirarse sin hacer ruido pero que, al volver, han cambiado la forma de toda la costa.

Durante años, muchas ciudades han caído en una tentación comprensible: convertir la cultura en una sucesión de eventos brillantes y fugaces, fuegos artificiales que iluminan el cielo durante un instante para desaparecer sin dejar rastro. Pontevedra ha optado por algo menos espectacular, pero mucho más exigente: construir una política cultural sostenida. Pasar del acontecimiento al sistema. De lo excepcional a lo estructural.

Tras la recuperación de la bienal, el siguiente paso no era repetir, sino avanzar. Así, nace la Bienal de Artes Vivas, no como un añadido, sino como una extensión natural. Porque, cuando la cultura se entiende como política pública, necesita abrirse, expandirse y, en ocasiones, incomodarse. No puede quedarse quieta sin empezar a perder sentido.

Las artes vivas introducen precisamente ese elemento de tensión. Son efímeras, imprevisibles, difíciles de encajar en marcos rígidos. Funcionan como el reverso del museo: donde este conserva, ellas transforman; donde uno fija, las otras desbordan. Y, sin embargo, en esa aparente contradicción se esconde una alianza fértil.

Pontevedra ha decidido no elegir entre tradición y contemporaneidad, sino obligarlas a convivir. Como dos corrientes que chocan y, en lugar de anularse, ensanchan el cauce.

Y, en medio de ese proceso, aparece Santa Clara.

Durante siglos fue un espacio cerrado, casi ajeno al ritmo de la ciudad, como una habitación que se mantiene intacta por respeto o por miedo a alterarla. Su apertura no es solo una operación urbanística, ni siquiera exclusivamente cultural. Es, sobre todo, una decisión política.

Porque abrir Santa Clara implica cambiar una lógica: lo que antes se protegía aislándolo, ahora se preserva compartiéndolo. La ironía es tan evidente como reveladora. Durante generaciones, el valor del lugar residía en su clausura; hoy, su sentido emerge precisamente de lo contrario.

No ha sido un camino sencillo. Transformar un espacio así exige algo más que voluntad. Requiere planificación, recursos y una determinación que rara vez se celebra, porque no produce titulares inmediatos. Hay que decidir cómo intervenir sin borrar, cómo adaptar sin desfigurar, cómo hacer útil un espacio histórico sin convertirlo en un decorado.

La Bienal de Artes Vivas marca uno de esos momentos en los que un proyecto deja de ser una promesa para convertirse en experiencia. Santa Clara ya no es solo una idea bien formulada en un plan estratégico. Es un lugar activo. El arte ocurre. La ciudad entra. Y, en ese cruce, algo —difícil de medir, pero imposible de ignorar— se transforma.

Santa Clara ya está abierta. Y, con ella, también una idea de ciudad más permeable, más compleja, más consciente de que el futuro no se improvisa: se construye.

La Bienal de Artes Vivas es, en ese sentido, algo más que un evento. Es una declaración en marcha.

Y apenas estamos empezando a entender lo que significa.

Rafa Domínguez
Presidente de la Bienal de Pontevedra
y vicepresidente primero
de la Diputación de Pontevedra

NAS MARXES
CONVENTO DE SANTA CLARA
BIENAL DE ARTES VIVAS PONTEVEDRA
DO 2 AO 12 DE XULLO DE 2026

# NAS MARXES

En el contexto de la Bienal de Arte de Pontevedra de 2025, recientemente recuperada, tuvo lugar un primer intento de incorporar un programa de artes vivas dentro de su estructura general. Aquella programación, desplegada a lo largo de los meses de apertura en distintos espacios de la ciudad y la provincia, funcionó como un campo de pruebas, como una aproximación inicial a las formas en que las prácticas performativas podían entrar en diálogo con el contexto de la bienal y sus públicos.

Más que un ensayo en sentido estricto, aquella experiencia puede leerse como un gesto de insistencia. Samuel Beckett escribió “Try again. Fail again. Fail better” (Vuelve a intentarlo, fracasa de nuevo, fracasa mejor). En esa lógica se inscribe el impulso que atravesó esa propuesta, no tanto basado en una idea de ensayo, sino en la voluntad de insistir, de afinar y de ir más lejos en esa convivencia con el marco de la bienal, al desplazar los límites de lo que una bienal puede acoger.

En 2026 damos un paso más con la presentación de la primera Bienal de Artes Vivas de Pontevedra, titulada *Nas marxes*. En los márgenes, en los bordes, en los umbrales donde las categorías se desdibujan y las prácticas encuentran otras formas de aparecer. El título remite a esos espacios de fricción y de tránsito entre disciplinas, entre lo visual y lo escénico, entre lo instituido y aquello que aún busca su lugar. También señala aquellas obras difíciles de contener en los circuitos habituales, piezas que no terminan de pertenecer ni al teatro ni al museo y que encuentran aquí un contexto propicio para desplegarse.

Construir un programa implica articular una constelación de voces que, en principio, no estaban destinadas a coincidir. Programar es activar un espacio de aproximaciones, de encuentros entre prácticas, cuerpos e imaginarios que, al entrar en relación, generan nuevas formas de lectura. No se trata solo de ordenar propuestas según una lógica cerrada, sino de sostener un territorio donde lo heterogéneo pueda convivir sin resolverse. El programa se configura, así, como un campo de tensiones entre lenguajes, temporalidades y modos de hacer. En ese cruce emergen fricciones, afinidades inesperadas, zonas de incertidumbre y momentos de revelación. Más allá de trazar un recorrido estable, se propone abrir un espacio en el que cada pieza dialogue con las demás y con quienes la atraviesan.

En este marco, el papel del público resulta fundamental, pues se plantea una implicación activa que supone mirar, interpretar, cuestionar, dejarse afectar. El sentido no está dado de antemano y se construye en ese tránsito compartido, para que el programa devenga en una estructura abierta, en constante transformación, donde lo que acontezca no se limite a la escena y se expanda en los encuentros, las preguntas y las formas de estar juntos que se generen también en relación con el Convento de Santa Clara, sede del evento. Fundado en el siglo xiii y habitado durante más de setecientos años por una comunidad de monjas de clausura, deja de ser únicamente un lugar de silencio y recogimiento para convertirse, tras su reapertura como sede de la Bienal de Pontevedra, en un cuerpo activo que recibe y modula estas experiencias, un lugar atravesado por otras presencias, cuerpos en movimiento, voces, gestos y resonancias que reconfiguran su memoria.

En esta primera edición, la iglesia, el coro, los jardines y otros espacios del convento se transforman en lugares de encuentro entre artistas y públicos. Acceder a lugares durante tanto tiempo clausurados abre, también, nuevas posibilidades para las prácticas contemporáneas. La carga histórica y simbólica de estos espacios actúa como materia activa con la que trabajar. Muchos de los artistas han desarrollado piezas específicas para estos contextos o adaptado trabajos existentes para dialogar con la arquitectura, la memoria y la atmósfera del lugar. El programa incluye, asimismo, procesos en curso, trabajos en desarrollo

que se muestran en su devenir y permiten al público asistir a su construcción. Estas propuestas se articulan en relación con iniciativas como Residencias Paraíso, el festival Citemor de Montemor-o-Velho o TNT, Terrassa Noves Tendències, con las que esta bienal establece vínculos y complicidades.

Las artes vivas son prácticas artísticas que suceden en el aquí y el ahora. Reúnen prácticas tan diversas como la danza contemporánea, la *performance*, el teatro más experimental, la música en vivo, el arte sonoro, las prácticas vocales o coreográficas, el circo y otras formas híbridas que se sitúan entre las artes visuales y las artes escénicas. Desde esta condición abierta y procesual, atravesada por la incertidumbre y la experimentación, se inscribe una lógica de tentativa continua; una lógica basada en la secuencia de Beckett, ese intentar, fallar, volver a intentar. Cada gesto y cada acción son una exploración de lo que aún no sabemos. Esta bienal propone, en ese sentido, volver a habitar el convento de Santa Clara desde el movimiento, la presencia y la experiencia compartida de los cuerpos que lo activan.

Iñaki Martínez Antelo
Comisario

## EL CONVENTO DE SANTA CLARA

La primera edición de la Bienal de Artes Vivas tiene lugar en el antiguo convento de Santa Clara, un enclave histórico que forma parte del Museo de Pontevedra. Fundado en 1271 y transformado a lo largo de siete siglos, Santa Clara es hoy un espacio en transición: de la clausura a la apertura, del silencio conventual a la activación cultural.

Las áreas escogidas del conjunto — espacios interiores y exteriores elegidos por su singularidad, su acústica, su dimensión y su carácter evocador— ofrecen un marco excepcional para desplegar prácticas artísticas que dialoguen con el tiempo, la arquitectura y la memoria del lugar.

N A S M A R X E S
CONVENTO DE SANTA CLARA
B I E N A L D E A R T E S V I V A S P O N T E V E D R A
DO 2 AO 12 DE XULLO DE 2026







# BLANCA TOLSÁ. *MICRODESFASE: DESAJUSTE PARA VOZ Y ESPACIO*

Danza. Estrea en Galicia

*Microdesfase* é un dispositivo escénico no que dous intérpretes activan a acústica de arquitecturas reverberantes para producir un espazo caleidoscópico mediante a danza e a voz, modulada en vivo. Unha presenza desprega notas que poñen en vibración a sala, mentres a outra modela, en tempo real, a resposta técnica do sistema. Xuntas configuran un organismo expandido no que corpo, son, tecnoloxía e espazo se afectan mutuamente. A peza propón unha experiencia perceptiva múltiple e envolvente, onde o son parece provir tanto do corpo coma do aire que o rodea, dilúe a fronteira entre emisión, eco e reflexo, e convida a habitar un territorio de ilusión auditiva e alteración sensorial.

Blanca Tolsá desenvolve a súa práctica como bailarina e coreógrafa en Barcelona. A súa investigación articúlase ao redor da relación entre voz, movemento e son, e atende de forma específica as súas asincronías. A través das súas pezas, constrúe situacións perceptivas que desprazan o público cara ao ilusorio, ao dislocado e ao disonante. Foi artista residente en centros de creación contemporánea coma La Caldera, Graner, Fabra i Coats, entre outros. Entre os seus traballos destacan *Ecoica* (2022) e *Parafonías* (2025). Na actualidade, expande a súa práctica cara a contextos non teatrais e investiga en arquitecturas de alta reverberación.

Ficha técnica: Voz e movemento: Blanca Tolsá/Son: Finn McLafferty/Deseño sonoro: Albert Tarrats

*Microdesfase* es un dispositivo escénico en el que dos intérpretes activan la acústica de arquitecturas reverberantes para producir un espacio caleidoscópico mediante la danza y la voz, modulada en vivo. Una presencia despliega notas que ponen en vibración la sala, mientras la otra modela, en tiempo real, la respuesta técnica del sistema. Juntas configuran un organismo expandido en el que cuerpo, sonido, tecnología y espacio se afectan mutuamente. La pieza propone una experiencia perceptiva múltiple y envolvente, donde el sonido parece provenir tanto del cuerpo como del aire que lo rodea, desdibuja la frontera entre emisión, eco y reflejo, e invita a habitar un territorio de ilusión auditiva y alteración sensorial.

Blanca Tolsá desarrolla su práctica como bailarina y coreógrafa en Barcelona. Su investigación se articula en torno a la relación entre voz, movimiento y sonido, y atiende de forma específica a sus asincronías. A través de sus piezas, construye situaciones perceptivas que desplazan al público hacia lo ilusorio, lo dislocado y lo disonante. Ha sido artista residente en centros de creación contemporánea como La Caldera, Graner, Fabra i Coats, entre otros. Entre sus trabajos destacan *Ecoica (2022) y Parafonías (2025). En la actualidad, expande su práctica hacia contextos no teatrales e investiga en arquitecturas de alta reverberación.*

Ficha técnica: Voz y movimiento: Blanca Tolsá / Sonido: Finn McLafferty / Diseño sonoro: Albert Tarrats

# CLO PLAS, DIEGO VITES E JAVI ÁLVAREZ: *CLO PAU PLAS PEDRA*



Concerto-acción. Estrea absoluta

*Clo Pau Plas Pedra* é un concerto-acción creado para a Bienal de Artes Vivas de Pontevedra que reúne a Berio Molina, Diego Vites, Javi Álvarez e Xiana Arias: catro artistas que aínda cren no poder do tremer da voz e da man. Diego e Javi interveñen no concerto de Clo Plas —Berio e Xiana— e desprazan a súa lóxica interna. Javi Álvarez expande o plano acústico desde a experimentación musical, mentres Diego Vites introduce xs Placudxs, unha deriva dos cabezudos populares cos que activa no escenario diferentes escenas. Xs Placudxs remiten a esas personaxes do imaxinario festivo que se anunciaban co son das gaitas ao lonxe, pero son outra cousa. Son un cisma desas figuras rituais relegadas hoxe a non saír dun húmido almacén municipal. Agora, ao non ir coa banda, aprenderon a tocar.

O traballo de Clo Plas xorde da oralidade, dese falar que é ao tempo íntimo e estraño, e que transporta o peso do lugar ao que pertencen. *Clo Pau Plas Pedra* é unha expansión da súa proposta na que os sintetizadores, *samplers*, *scratchs* e demais cacharrada de Javi Álvarez levan ese falar e esas melodías crúas a un novo lugar.

*Clo Pau Plas Pedra* es un concierto-acción creado para la Bienal de Artes Vivas de Pontevedra que reúne a Berio Molina, Diego Vites, Javi Álvarez y Xiana Arias: cuatro artistas que aún creen en el poder del vibrar de la voz y la mano. Diego y Javi intervienen en el concierto de Clo Plas —Berio y Xiana— y desplazan su lógica interna. Javi Álvarez expande el plano acústico desde la experimentación musical, mientras Diego Vites introduce xs Placudxs, una derivación de los cabezudos populares con los que activa en el escenario diferentes escenas. Xs Placudxs remiten a esos personajes del imaginario festivo que se anunciaban con el sonido de las gaitas a los lejos, pero son otra cosa. Son un cisma de esas figuras rituales relegadas hoy a no salir de un húmedo almacén municipal. Ahora, al no ir con la banda, aprendieron a tocar.

El trabajo de Clo Plas surge de la oralidad, de ese hablar que es a la vez íntimo y extraño y que transporta el peso del lugar al que pertenecen. *Clo Pau Plas Pedra* es una expansión de su propuesta en la que los sintetizadores, sámplers, *scratchs* y demás cacharros de Javi Álvarez llevan ese hablar y esas melodías crudas a un nuevo lugar.







# MARTÍN FLORES CÁRDENAS (CASA TEATRO ESTUDIO): *LA FUERZA DE LA GRAVEDAD*



Teatro. Estrea en Galicia

Despois de anos sen verse, unha actriz e un director de teatro deciden volver traballar xuntos cunha condición: deixar atrás os vicios que noutrora fracturaron a súa relación. A peza articúlase ao redor dunha idea de coexistencia forzada, onde unha mesma forza sostén e agrupa a infinita diversidade que atravesa o ser humano (ricos, pobres, *maricas*, *paquis*, peronistas, gorilas, zurdos, demócratas, republicanos, israelís, palestinos…) e as formas de vida de animais, insectos, centenares, miles, millóns de especies, vexetación, organismos de calquera tipo, seres microscópicos… todos á vez expostos e vinculados na súa relación con aquilo que é o outro. Nese campo compartido, o vivo vese atravesado por relacións de dependencia, conflito e exposición mutua. Unha lóxica que organiza o material e tamén estrutura o simbólico, un territorio común que se comparte, se invade e se conquista.

O arxentino Martín Flores Cárdenas é director e dramaturgo. Os seus textos foron traducidos a distintos idiomas e estreáronse en teatros e festivais da Arxentina, Alemaña, Bélxica, Francia, Suíza, Polonia, Italia, Estados Unidos, Grecia, España, Portugal, Brasil, México, Uruguai, Chile e Perú. Recibiu recoñecementos coma os Premios Teatro do Mundo e foi nomeado aos premios ACE, Martín Fierro, Florencio Sánchez e Trinidad Guevara. Entre os seus traballos máis recentes atópanse *No hay banda*, *Love me* (cocreado xunto a Marina Otero) e *La fuerza de la gravedad*, todos concibidos e estreados en Casa Teatro Estudio, espazo que xestiona co escenógrafo brasileiro Ruslan Alastair Silva.

Ficha técnica: Interpretación: Laura López Moyano/ Deseño de iluminación: Matías Sendón/Deseño espacial: Ruslan Alastair Silva/Música: Martín Flores Cárdenas/Colaboración en vestiario: Lara Sol Gaudini/Colaboración en música: Maga Clavijo/ Colaboración en texto: Tomás Masariche/Produción xeral: Casa Teatro Estudio/Dramaturxia e dirección: Martín Flores Cárdenas/Produción xeral: Casa Teatro Estudio

Después de años sin verse, una actriz y un director de teatro deciden volver a trabajar juntos con una condición: dejar atrás los vicios que en otro tiempo fracturaron su relación. La pieza se articula en torno a una idea de coexistencia forzada, donde una misma fuerza sostiene y agrupa la infinita diversidad que atraviesa el ser humano (ricos, pobres, *maricas*, *pakis*, peronistas, gorilas, zurdos, demócratas, republicanos, israelíes, palestinos...) y las formas de vida de animales, insectos, centenares, miles, millones de especies, vegetación, organismos de cualquier tipo, seres microscópicos… todos a la vez expuestos y vinculados en su relación con aquello que es el otro. En ese campo compartido, lo vivo se ve atravesado por relaciones de dependencia, conflicto y exposición mutua. Una lógica que organiza lo material y también estructura lo simbólico, un territorio común que se comparte, se invade y se conquista.

El argentino Martín Flores Cárdenas es director y dramaturgo. Sus textos han sido traducidos a distintos idiomas y se han estrenado en teatros y festivales de Argentina, Alemania, Bélgica, Francia, Suiza, Polonia, Italia, Estados Unidos, Grecia, España, Portugal, Brasil, México, Uruguay, Chile y Perú. Ha recibido reconocimientos como los Premios Teatro del Mundo y ha sido nominado a los premios ACE, Martín Fierro, Florencio Sánchez y Trinidad Guevara. Entre sus trabajos más recientes se encuentran *No hay banda*, *Love me* (cocreado junto a Marina Otero) y *La fuerza de la gravedad*, todos concebidos y estrenados en Casa Teatro Estudio, espacio que gestiona con el escenógrafo brasileño Ruslan Alastair Silva.

Ficha técnica: Interpretación: Laura López Moyan /Diseño de iluminación: Matías Sendón/Diseño espacial: Ruslan Alastair Silva/Música: Martín Flores Cárdenas/Colaboración en vestuario: Lara Sol Gaudini/ Colaboración en música: Maga Clavijo/Colaboración en texto: Tomás Masariche/Producción general: Casa Teatro Estudio/Dramaturgia y dirección: Martín Flores Cárdenas/Producción general: Casa Teatro Estudio

# LARA BROWN: *TÓRTOLA VALENCIA, PIENSO EN TI CON MIS MANOS*



Conferencia escénica. Estrea en Galicia

"Tórtola Valencia, TóooORTOLAaaaValenCia". Con esa música na cabeza, o proxecto articúlase como unha investigación doméstica iniciada hai case dous anos por Lara Brown ao redor da biografía e da práctica artística da bailarina Carmen Tórtola Valencia e da súa parella, Àngels Magret-Vilà. Neste proceso emerxen capas de pensamento que desprazan a investigación cara ao terreo da creación e a transforman nun proxecto artístico que se vai despregando co tempo. Durante este percorrido, a acumulación de lecturas, a observación reiterada de imaxes e a repetición de xestos da bailarina —mans que trazan traxectorias imposibles— abren unha vía de intuición e imaxinación da que brotan historias e desenlaces posibles, tan verosímiles que por momentos parece que sucedesen de verdade. O proxecto foi seleccionado na convocatoria Artistas en Residencia de La Casa Encendida 2025 e en Beques Barcelona Crea Fàbriques de Creació. Conta, ademais, co apoio de La Poderosa, Centro de Residencias AADK e Azala Espazio de Creación. É beneficiaria das axudas á creación contemporánea do Ministerio de Cultura de 2026 e do programa "#Arteporvenir" (2026-2027) da Fundación Carasso.

Lara Brown entende a creación como xeradora dun xesto poético que opera como un agasallo, un intercambio de afectos que permite habitar o mundo de forma máis amable. Os seus traballos presentáronse en contextos coma Dansa Metropolitana, La Casa Encendida, Centro de Cultura Conde Duque, Festival Dansa València, Expo Dubai 2020, Picnic Sessions, Museo CA2M, Festival Moujuïc, Graner Centro de Danza e Artes Vivas, Fira Mediterrània de Manresa, Teatros del Canal e Centro de Danza La Caldera, entre outros. Á súa vez, crea contextos de pensamento crítico no ámbito das artes vivas, acompaña proxectos artísticos e inventa ferramentas para esvaer e repensar os límites do escénico.

"Tórtola Valencia, TóooORTOLAaaaValenCia". Con esa música en la cabeza, el proyecto se articula como una investigación doméstica iniciada hace casi dos años por Lara Brown en torno a la biografía y la práctica artística de la bailarina Carmen Tórtola Valencia y de su pareja, Àngels Magret-Vilà. En este proceso emergen capas de pensamiento que desplazan la investigación hacia el terreno de la creación y la transforman en un proyecto artístico que se va desplegando con el tiempo. Durante este recorrido, la acumulación de lecturas, la observación reiterada de imágenes y la repetición de gestos de la bailarina —manos que trazan trayectorias imposibles— abren una vía de intuición e imaginación de la que brotan historias y desenlaces posibles, tan verosímiles que por momentos parece que hayan sucedido de verdad. El proyecto ha sido seleccionado en la convocatoria Artistas en Residencia de La Casa Encendida 2025 y en Beques Barcelona Crea Fàbriques de Creació. Cuenta, además, con el apoyo de La Poderosa, Centro de Residencias AADK y Azala Espazio de Creación. Es beneficiaria de las ayudas a la creación contemporánea del Ministerio de Cultura de 2026 y del programa "#Arteporvenir" (2026-2027) de la Fundación Carasso.

Lara Brown entiende la creación como generadora de un gesto poético que opera como un regalo, un intercambio de afectos que permite habitar el mundo de forma más amable. Sus trabajos se han presentado en contextos como Dansa Metropolitana, La Casa Encendida, Centro de Cultura Conde Duque, Festival Dansa València, Expo Dubái 2020, Picnic Sessions, Museo CA2M, Festival Moujuïc, Graner Centro de Danza y Artes Vivas, Fira Mediterrània de Manresa, Teatros del Canal y Centro de Danza La Caldera, entre otros. A su vez, crea contextos de pensamiento crítico en el ámbito de las artes vivas, acompaña proyectos artísticos e inventa herramientas para difuminar y repensar los límites de lo escénico.







# ISABEL DO DIEGO: *BESTIA SAGRADA*



Concerto. Estrea en Galicia

En *Bestia Sagrada*, Isabel Do Diego permeabiliza o *quejío* flamenco coa fisicalidade vocal de diferentes liturxias, coma o canto sacro do medievo europeo, a chamada á oración en Mesopotamia ou a recitación do *bunraku* xaponés; unha voz encarnada por diferentes alimarias a modo de bestiario folclórico. Todo este corpo vocal e orgánico susténtase sobre bases electrónicas compostas como "trampas visuais sonoras". Espacialmente, Isabel Do Diego habita un escenario propio onde ritualizar toda esta viaxe musical: un hábitat para o cante monstruoso de electrónica sacralizada, un espazo para a danza bastarda de movementos sobrenaturais, o corpo médium que todo o habita. Unha tríade de voz, corpo e instrumentación que conduce á celebración do monstruoso como entidade divinizada. Isabel Do Diego, *alter ego* do artista andaluz Juan Diego Calzada, desenvolve no seu traballo musical e escénico un folclore austero, brutalista e sacralizado. O seu *quejío* electrónico abre un corpo á fuga, que traza unha nova perspectiva sobre o folclore andaluz. A súa música é unha prótese folclórica que transcende os espazos que a carne non pode habitar: un ser híbrido, un corpo que en escena camiña entre o humano, o animal e o espiritual. Entre a familiaridade rural e o estrañamento futurista, habita un universo escénico de berros e murmurios, melodías tradicionais xunto a sonoridades crebadas, ecos rurais e industriais, mensaxes herexes e oracións, fantasías sexuais e emocións castas. E moitos *beats*, *samplers* e sintetizadores. Publicou os álbums *Depueblo*, *Bestia sagrada*, *Rozadura*, *A carne viva*, *Gozo jondo* e *Brutalismo*.

Ficha técnica: Idea e dirección: Isabel Do Diego/ Creación e interpretación: Isabel Do Diego/ Dramaturxia e produción musical: Isabel Do Diego/ Iluminación e son: Antonio L. Pedraza/Fotografía: Fábrica de Aceite, Natalia Benosilio e Bravastudio/ Produción: Fábrica de Aceite e Isabel Do Diego/ Colaboracións: La Caldera (Barcelona) e Ciudad de las Ideas (Córdoba)

En *Bestia Sagrada*, Isabel Do Diego permeabiliza el *quejío* flamenco con la fisicalidad vocal de diferentes liturgias, como el canto sacro del medievo europeo, la llamada a la oración en Mesopotamia o la recitación del *bunraku* japonés; una voz encarnada por diferentes alimañas a modo de bestiario folclórico. Todo este cuerpo vocal y orgánico se sustenta sobre bases electrónicas compuestas, esta vez, como "trampantojos sonoros". Espacialmente, Isabel Do Diego habita un escenario propio donde ritualizar todo este viaje musical: un hábitat para el cante monstruoso de electrónica sacralizada, un espacio para la danza bastarda de movimientos sobrenaturales, el cuerpo médium que todo lo habita. Una triada de voz, cuerpo e instrumentación que conduce a la celebración de lo monstruoso como entidad divinizada.

Isabel Do Diego, *alter ego* del artista andaluz Juan Diego Calzada, desarrolla en su trabajo musical y escénico un folclore austero, brutalista y sacralizado. Su *quejío* electrónico abre un cuerpo a la fuga, que traza una nueva perspectiva sobre el folclore andaluz. Su música es una prótesis folclórica que trasciende los espacios que la carne no puede habitar: un ser híbrido, un cuerpo que en escena camina entre lo humano, lo animal y lo espiritual. Entre la familiaridad rural y el extrañamiento futurista, habita un universo escénico de gritos y susurros, melodías tradicionales junto a sonoridades quebradas, ecos rurales e industriales, mensajes herejes y oraciones, fantasías sexuales y emociones castas. Y muchos *beats*, sámplers y sintetizadores. Ha publicado los álbumes *Depueblo*, *Bestia sagrada*, *Rozadura*, *A carne viva*, *Gozo jondo* y *Brutalismo*.

Ficha técnica: Idea y dirección: Isabel Do Diego/ Creación e interpretación: Isabel Do Diego/Dramaturgia y producción musical: Isabel Do Diego/Iluminación y sonido: Antonio L. Pedraza/Fotografía: Fábrica de Aceite, Natalia Benosilio y Bravastudio/ Producción: Fábrica de Aceite e Isabel Do Diego/ Colaboraciones: La Caldera (Barcelona) y Ciudad de las Ideas (Córdoba)

# VACABURRA: *O RARO É QUE BAILAR SEXA RARO*



Danza. Estrea absoluta

*O raro é que bailar sexa raro* nace como un solo da compañía VACAburra. Unha gabanza da danza, unha reivindicación da figura da bailarina como corpo pensante e tamén político. Esta peza abre un espazo de reflexión sobre a necesidade dunha escena na que a diversidade corporal e as disidencias estean representadas e ocupen os lugares centrais dos discursos escénicos. Esta *core-biografía-pirata* presenta por primeira vez na Bienal de Pontevedra un convite a catro corpos cunha traxectoria creativa variada e singular: Lez Cameselle, Ailén Kendelmán e Gael Martins únense a Andrea Quintana para habitar un espazo de creación que entende a danza como algo contaxioso e convida a bailar nun lugar onde todos os corpos son posibles.

VACAburra nace no ano 2019 como un proxecto de creación contemporánea en Galicia, froito da converxencia entre as traxectorias de Andrea Quintana e Gena Baamonde. O seu traballo está atravesado pola hibridaxe de linguaxes, o feminismo, a diversidade sexoxenérica o humor e a investigación teórico-práctica, co corpo como accionador principal das súas creacións. Ao longo destes anos crearon pezas coma *O raro é que bailar sexa raro*, *Metodoloxías Carroñeras para Corpos Invertidos*, *Familia Nijinska* ou *Festina Lente*, pezas cunha reflexión crítica sobre os corpos e os relatos hexemónicos, sobre o poético-político na creación escénica, e nas que os *danzalismos* (danza e vandalismo) funcionan como ferramentas metodolóxicas fundamentais.

Ficha técnica: Creación: VACAburra (Andrea Quintana e Gena Baamonde)/Interpretación: Ailen Kendelman, Andrea Quintana, Gael Martins e Olga Cameselle/Dirección e coreografía: Andrea Quintana/Dramaturxia: Gena Baamonde e Andrea Quintana/Vestiario: Saturna

*O raro é que bailar sexa raro* nace como un solo de la compañía VACAburra. Un elogio de la danza, una reivindicación de la figura de la bailarina como cuerpo pensante y también político. Esta pieza abre un espacio de reflexión sobre la necesidad de una escena en la que la diversidad corporal y las disidencias estén representadas y ocupen los lugares centrales de los discursos escénicos. Esta *core-biografía-pirata* presenta por primera vez en la Bienal de Pontevedra un convite a cuatro cuerpos con una trayectoria creativa variopinta y singular: Lez Cameselle, Ailén Kendelmán y Gael Martins se unen a Andrea Quintana para habitar un espacio de creación que entiende la danza como algo contagioso e invita a bailar en un lugar donde todos los cuerpos son posibles.

VACAburra nace en el año 2019 como un proyecto de creación contemporánea en Galicia, fruto de la convergencia entre las trayectorias de Andrea Quintana y Gena Baamonde. Su trabajo está atravesado por el hibridaje de lenguajes, el feminismo, la diversidad sexogenérica, el humor y la investigación teórico-práctica, con el cuerpo como accionador principal de sus creaciones. A lo largo de estos años han creado piezas como *O raro é que bailar sexa raro, Metodoloxías Carroñeras para Corpos Invertidos, Familia Nijinska o Festina Lente*, piezas con una reflexión crítica sobre los cuerpos y los relatos hegemónicos, sobre lo poético-político en la creación escénica, y en las que los *danzalismos* (danza y vandalismo) funcionan como herramientas metodológicas fundamentales.

Ficha técnica: Creación: VACAburra (Andrea Quintana e Gena Baamonde)/Interpretación: Ailen Kendelman, Andrea Quintana, Gael Martins y Olga Cameselle/Dirección y coreografía: Andrea Quintana/Dramaturgia: Gena Baamonde y Andrea Quintana/Vestuario: Saturna







# PISTACATRO: *SEN PATRÓN*



Circo. Recomendado para familias

No mundo dos malabares, todo segue un padrón, unha orde, un ciclo perfecto que garante que as bólas non caian, que as mazas tracen o seu camiño no aire e que os diábolos xiren sen fin. Pero, que sucede cando tres malabaristas tentan levar a batuta ao mesmo tempo? En *Sen patrón*, ningún manda: só hai mans que compiten e obxectos que voan por riba das súas cabezas nun aparente caos divertido e fascinante. Tres cómicos que viven e se moven ao ritmo dos malabares que controlan, formando ciclos que se repiten ata enredarse sen sentido. Entre xogos de poder, equilibrios imposibles e moito humor, descubrirán que a verdadeira maxia non reside en quen manda, senón en aprender a xogar xuntos.

Pistacatro é a compañía e a produtora de circo máis relevante das Artes Vivas en Galicia e Premio Nacional de Circo 2025. Distribúe as súas propias producións, así como algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, e aquelas que considera importantes baixo criterios de calidade e interese cultural. Tras vinte anos desde a súa constitución oficial en 2006, Pistacatro busca consolidarse como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia e abrir novos mercados e públicos. Funciona como un facilitador de profesionalización do circo na nosa terra, respectando os dereitos das e dos traballadores e artistas que, dalgún xeito, participan no proxecto. A súa intención é ser un catalizador que permita a comunicación con outras persoas e proxectos para xerar cultura en coprodución ou en colaboración, e, ao mesmo tempo, manterse fieis á súa complicidade co público. Un mecano nas mans dos seus integrantes para compartir soños.

Ficha técnica: Dirección: Pablo Reboleiro/ Malabaristas: Aitor Garuz, Santiago Montero e Pablo Reboleiro/Música: Manuel Fonte

En el mundo de los malabares, todo sigue un patrón, un orden, un ciclo perfecto que garantiza que las bolas no se caigan, que las mazas tracen su camino en el aire y que los diábolos giren sin fin. Pero, ¿qué sucede cuando tres malabaristas intentan llevar la batuta al mismo tiempo? En *Sen patrón*, nadie manda: solo hay manos que compiten y objetos que vuelan por encima de sus cabezas en un aparente caos divertido y fascinante. Tres cómicos que viven y se mueven al ritmo de los malabares que controlan, formando ciclos que se repiten hasta enredarse sin sentido. Entre juegos de poder, equilibrios imposibles y mucho humor, descubrirán que la verdadera magia no reside en quien manda, sino en aprender a jugar juntos.

Pistacatro es la compañía y la productora de circo más relevante de las Artes Vivas en Galicia y Premio Nacional de Circo en 2025. Distribuye sus propias producciones, así como algunas otras que nacen de la matriz creativa del proyecto Circonove, y aquellas que considera importantes bajo criterios de calidad e interés cultural. Tras veinte años desde su constitución oficial en 2006, Pistacatro busca consolidarse como la productora decana de las nuevas corrientes circenses en Galicia y abrir nuevos mercados y públicos. Funciona como un facilitador de profesionalización del circo en nuestra tierra, respetando los derechos de las y los trabajadores y artistas que, de algún modo, participan en el proyecto. Su intención es ser un catalizador que permita la comunicación con otras personas y proyectos para generar cultura en coproducción o colaboración y, al mismo tiempo, mantenerse fieles a su complicidad con el público. Un mecano en las manos de sus integrantes para compartir sueños.

Ficha técnica: Dirección: Pablo Reboleiro/ Malabaristas: Aitor Garuz, Santiago Montero y Pablo Reboleiro/Música: Manuel Fonte

# JAVIER HERNANDO (LOS BÁRBAROS): *EXTRAÑA ALEGRÍA*



Teatro. Estrea en Galicia

*Extraña alegría* convida a mirar o presente desde outro lugar. A medio camiño entre a conferencia performativa e o teatro documental, constrúe un arquivo de pequenos xestos de resistencia —moitas veces esquecidos— onde poesía, memoria e acción se entrelazan. Esta obra recupera historias de persoas que, con pequenos xestos, desafiaron o seu tempo. Persoas coma Lauro Olmo e Pilar Enciso, que intentaron frear o seu desafiuzamento pintando unha bandeira de España na porta da súa casa; Gonzalo Arias, que saíu a camiñar pola rúa cun cartel para pedir eleccións durante a ditadura; ou Anita Xirgo, que tirou grans de millo polos camiños durante unha folga silenciosa. *Extraña alegría* propón explorar o presente a través da memoria e da imaxinación, dialogar cos mortos e rescatar xestos que nos axuden a pensar con esperanza.

Javier Hernando forma parte, xunto a Rocío Bello e Miguel Rojo, de Los Bárbaros, cos que desenvolveu proxectos coma *Atlántida*, *Las explicaciones*, *Obra inacabada*, *Obra infinita* ou *Obra imposible*, que en 2026 se publicarán na editorial La Uña Rota, baixo o título *Permiso de extranjería*. Mostraron os seus traballos en teatros e centros de arte e organizaron encontros e impartiron obradoiros coma Regreso ao Pasado ou Imaxina, Debata e Crea un País, e desenvolveron a guía pedagóxica *Ejercicios para la democracia*. Pola súa banda, Javier Hernando publicou varios libros de poesía, entre eles *Una clase de escritura* (La Uña Rota, 2025), a súa obra máis recente.

Ficha técnica: Dramaturxia e dirección: Javier Hernando/Creación: Los Bárbaros/En escena: Rocío Bello/Iluminación: Miguel Ruz/Deseño sonoro: Pilar Calvo/Edición de vídeo: Aitana López Rodrigo e Miguel Ruz/Colaboracións: Residencias TNT 24-25, Residencias Paraíso, Colectivo RPM, Xunta de Galicia, Concello de Lugo, Pazo da Cultura de Narón, L'Estruch do Concello de Sabadell e Los Bárbaros

*Extraña alegría* invita a mirar el presente desde otro lugar. A medio camino entre la conferencia performativa y el teatro documental, la obra construye un archivo de pequeños gestos de resistencia —muchas veces olvidados— donde poesía, memoria y acción se entrelazan. Esta obra recupera historias de personas que, con pequeños gestos, desafiaron su tiempo. Personas como Lauro Olmo y Pilar Enciso, que intentaron frenar su desahucio pintando una bandera de España en la puerta de su casa; Gonzalo Arias, que salió a caminar por la calle con un cartel para pedir elecciones durante la dictadura; o Anita Xirgo, que tiró granos de maíz por los caminos durante una huelga silenciosa. *Extraña alegría* propone explorar el presente a través de la memoria y la imaginación, dialogar con los muertos y rescatar gestos que nos ayuden a pensar con esperanza.

Javier Hernando forma parte, junto a Rocío Bello y Miguel Rojo, de Los Bárbaros, con los que ha desarrollado proyectos como *Atlántida*, *Las explicaciones*, *Obra inacabada*, *Obra infinita* u *Obra imposible*, que en 2026 se publicarán en la editorial La Uña Rota, bajo el título *Permiso de extranjería*. Han mostrado sus trabajos en teatros y centros de arte y han organizado encuentros e impartido talleres como Regreso al Pasado o Imagina, Debata y Crea un País, y desarrollado la guía pedagógica *Ejercicios para la democracia*. Por su parte, Javier Hernando ha publicado varios libros de poesía, entre ellos *Una clase de escritura* (La Uña Rota, 2025), su obra más reciente.

Ficha técnica: Dramaturgia y dirección: Javier Hernando/Creación: Los Bárbaros/En escena: Rocío Bello/Iluminación: Miguel Ruz/Diseño sonoro: Pilar Calvo/Edición de vídeo: Aitana López Rodrigo y Miguel Ruz/Colaboraciones: Residencias TNT 24-25, Residencias Paraíso, Colectivo RPM, Xunta de Galicia, Ayuntamiento de Lugo, Pazo da Cultura de Narón, L'Estruch del Ayuntamiento de Sabadell y Los Bárbaros







# NOELA COVELO VELASCO E ÉLISE MOREAU: *APLAUSO, VICIO*



*Performance*. Estrea en Galicia

*Aplauso, vicio* é a exposición dunha máquina ilusionista, un aparello performativo que explora os mecanismos do xénero operístico. Combina procesos de abstracción e a referencia á ópera *A frauta máxica*, de W. A. Mozart. Desde o illamento dos seus elementos, a referencia transfigúrase e dálle espazo á práctica actualizada e sociopoliticamente situada. *Aplauso, vicio* manipula, a través da artesanía e da fantasía precaria, o legado de repertorio na procura da creación doutra escena.

Élise Moreau e noela covelo velasco coñécense colaborando para a creación do vestiario de *Perpetua Felicidá* (2021), de Iniciativa Sexual Feminina. Desde entón, cultivan unha amizade na que os intercambios profesionais florecen. *Aplauso, vicio* é o seu primeiro proxecto en coautoría.

Élise Moreau é bailarina, coreógrafa, pedagoga e danza movemento terapeuta. Interésalle particularmente a acción performativa artesá pola súa potencial universalidade e pola súa accesibilidade económica, e, polo tanto, deselitizante. Aspira a unha investigación íntima e permeable que sexa capaz de cuestionar, divertir e axitar. O traballo de noela covelo velasco despréгase desde a composición sonora, a *performance*, a disposición espacial e os procesos colectivos. Explora as formas de voz como espazos para a imaxinación política e a organización social. É cofundadora do contorno para a experimentación pedagóxica c h o r o, con sede en Foc.

Ficha técnica: Unha peza de noela covelo velasco e Élise Moreau/Colaboracións: Victor Ruiz Colomer (espazo), Julietta Ferrari (son) e Carolina Campos (ollo externo)/Co apoio do Centro Coreográfico Nacional de Grenoble, L'Estruch (Sabadell), La Caldera (Barcelona), Residencias Paraíso do Colectivo RPM (Galicia) e Foc (Barcelona). O proxecto formou parte de Si No Vols Pols No Vinguis a l'Era (Mieres, 2025) e recibiu unha subvención Barcelona Crea 2025 do Concello de Barcelona. *Aplauso, vicio* é unha coprodución do Festival Sâlmon 2025-2026 (Barcelona)

*Aplauso, vicio* es la exposición de una máquina ilusionista, un aparato performativo que explora los mecanismos del género operístico. Combina procesos de abstracción y la referencia a la ópera *La flauta mágica*, de W. A. Mozart. Desde el aislamiento de sus elementos, la referencia se transfigura y da espacio a la práctica actualizada y sociopolíticamente situada. *Aplauso, vicio* manipula, a través de la artesanía y la fantasía precaria, el legado de repertorio en pos de la creación de otra escena.

Élise Moreau y noela covelo velasco se conocen colaborando para la creación del vestuario de *Perpetua Felicidá* (2021), de Iniciativa Sexual Femenina. Desde entonces, cultivan una amistad en la que los intercambios profesionales florecen. *Aplauso, vicio* es su primer proyecto en coautoría.

Élise Moreau es bailarina, coreógrafa, pedagoga y danza movimiento terapeuta. Le interesa particularmente la acción performativa artesana (sin grandes medios exteriores) por su potencial universalidad y por su accesibilidad económica, y, por lo tanto, deselitizante. Aspira a una investigación íntima y permeable que sea capaz de cuestionar, divertir y agitar. El trabajo de noela covelo velasco se despliega desde la composición sonora, la *performance*, la disposición espacial y los procesos colectivos. Explora las formas de voz como espacios para la imaginación política y la organización social. Es cofundadora del entorno para la experimentación pedagógica c h o r o, con sede en Foc.

Ficha técnica: Una pieza de noela covelo velasco y Élise Moreau/Colaboraciones: Victor Ruiz Colomer (espacio), Julietta Ferrari (sonido) y Carolina Campos (ojo externo)/Con el apoyo del Centro Coreográfico Nacional de Grenoble, L'Estruch (Sabadell), La Caldera (Barcelona), Residencias Paraíso del Colectivo RPM (Galicia) y Foc (Barcelona). El proyecto formó parte de Si No Vols Pols No Vinguis a l'Era (Mieres, 2025) y ha recibido una subvención Barcelona Crea 2025 del Ayuntamiento de Barcelona. *Aplauso, vicio* es una coproducción del Festival Sâlmon 2025-2026 (Barcelona)

# JÉRÔME BEL: *JÉRÔME BEL*



*Performance*. Estrea en Galicia

Interpretada por María Roja. Coproducida coa Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT Ribadavia)
Jérôme Bel é un coreógrafo e bailarín francés, considerado unha figura chave na renovación da danza contemporánea desde os anos noventa. A súa traxectoria caracterízase por unha aproximación crítica e conceptual ao feito escénico, que cuestiona os códigos tradicionais do espectáculo e reduce a escena aos seus elementos esenciais. O seu traballo evolucionou desde investigacións formais sobre a linguaxe coreográfica cara a un interese por quen interpreta como individuo e polas dimensións políticas e sociais da representación. Recoñecido internacionalmente, a súa obra foi presentada en contextos escénicos e artísticos de todo o mundo, e os seus rexistros forman parte de coleccións de importantes institucións museísticas.

Na peza que leva o seu nome, Jérôme Bel conta por primeira vez a súa historia, compartindo dúbidas, compromisos, fracasos e tamén fascinacións. Combinando relato e sentido, a peza articula fragmentos da súa vida, a súa traxectoria e o seu proxecto intelectual para revelar as súas estruturas comúns.

A obra está interpretada pola actriz, *performer* e artista visual María Roja. As súas inquietudes artísticas xiran ao redor do corpo como contedor do íntimo e como arquitectura social e política, así como na súa potencia como elemento subversivo e de resistencia. Foi galardoada con tres premios María Casares á mellor actriz.

Ficha técnica: Texto e vídeos: Jérôme Bel/Produción da *performance*: R. B. Jérôme Bel (Rebecca Lasselin e Sandro Grando)/Coprodución: La Ménagerie de Verre (París), La Commune, Centro Dramático Nacional de Aubervilliers, Festival de Outono de París e R. B. Jérôme Bel (París)./A escritura do texto desta *performance* forma parte do proceso creativo de Sustainable Theatre?, concibido por Katie Mitchell, Jérôme Bel e Teatro Vidy-Lausanne, e coproducido por STAGES

Interpretada por María Roja
Coproducida coa Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT Ribadavia)
Jérôme Bel es un coreógrafo y bailarín francés, considerado una figura clave en la renovación de la danza contemporánea desde los años noventa. Su trayectoria se caracteriza por una aproximación crítica y conceptual al hecho escénico, que cuestiona los códigos tradicionales del espectáculo y reduce la escena a sus elementos esenciales. Su trabajo ha evolucionado desde investigaciones formales sobre el lenguaje coreográfico hacia un interés por quien interpreta como individuo y por las dimensiones políticas y sociales de la representación. Reconocido internacionalmente, su obra ha sido presentada en contextos escénicos y artísticos de todo el mundo, y sus registros forman parte de colecciones de importantes instituciones museísticas.

En la pieza que lleva su nombre, Jérôme Bel cuenta por primera vez su historia, compartiendo dudas, compromisos, fracasos y también fascinaciones. Combinando relato y sentido, la pieza articula fragmentos de su vida, su trayectoria y su proyecto intelectual para revelar sus estructuras comunes.

La obra está interpretada por la actriz, *performer* y artista visual María Roja. Sus inquietudes artísticas giran en torno al cuerpo como contenedor de lo íntimo y, a la vez, como arquitectura social y política, así como en su potencia como elemento subversivo y de resistencia. Ha sido galardonada con tres premios María Casares a la mejor actriz.

Ficha técnica: Texto y videos: Jérôme Bel/Producción de la *performance*: R. B. Jérôme Bel (Rebecca Lasselin y Sandro Grando)/Coproducción: La Ménagerie de Verre (París), La Commune, Centro Dramático Nacional de Aubervilliers, Festival de Otoño de París y R. B. Jérôme Bel (París)./
La escritura del texto de esta *performance* forma parte del proceso creativo de Sustainable Theatre?, concebido por Katie Mitchell, Jérôme Bel y Teatro Vidy-Lausanne, y coproducido por STAGES







# MARÍA JURADO: *ANGELICAL*



Danza/*performance*

En colaboración con TNT-Terrasa Noves Tendències
*Angelical* parte da figura do anxo como símbolo desde o que pensar a nosa relación co presente: un ser que observa, acompaña e dá testemuño da realidade sen intervir. Esta condición de visibilidade sen acción convértese nunha metáfora do suxeito e da e do artista contemporáneo, atrapados nunha época que exalta a exposición constante, a neutralidade e o “bo comportamento”, o que algunhas persoas denominaron “a sociedade da transparencia” ou “o imperio do ben”. O proxecto complétase coa exploración do reverso do anxelical, o abxecto, aquilo que rexeitamos de nós e que a cultura expulsa para soster unha aparencia de pureza e transparencia. *Angelical* estrearase en setembro no festival TNT-Terrasa Noves Tendències.

María Jurado é artista, coreógrafa, *performer* e investigadora nos límites entre a danza conceptual e a *performance*, cunha mirada singular en cada creación e cun interese constante por explorar os límites do formato. No 2022 estreou *Black Sun* no Festival Grec, e a súa segunda peza, *Spooky*, presentouse en numerosos espazos do territorio español. Actualmente, é compañía residente, xunto a David Corral, na Nau Ivanow e El Graner (Barcelona).

En colaboración con TNT-Terrasa Noves Tendències
*Angelical* parte de la figura del ángel como símbolo desde el que pensar nuestra relación con el presente: un ser que observa, acompaña y da testimonio de la realidad sin intervenir. Esta condición de visibilidad sin acción se convierte en una metáfora del sujeto y de la y del artista contemporáneo, atrapados en una época que exalta la exposición constante, la neutralidad y el “buen comportamiento”, lo que algunas personas han denominado “la sociedad de la transparencia” o “el imperio del bien”. El proyecto se completa con la exploración del reverso de lo angelical, lo abyecto, aquello que rechazamos de nosotras y nosotros mismos y que la cultura expulsa para sostener una apariencia de pureza y transparencia. *Angelical* se estrenará en septiembre en el festival TNT-Terrasa Noves Tendències.

María Jurado es artista, coreógrafa, *performer* e investigadora en los límites entre la danza conceptual y la *performance*, con una mirada singular en cada creación y un interés constante por explorar los límites del formato. En 2022 estrenó *Black Sun* en el Festival Grec, y su segunda pieza, *Spooky*, se ha presentado en numerosos espacios del territorio español. Actualmente, es compañía residente, junto a David Corral, en la Nau Ivanow y El Graner (Barcelona).

# FRAN MARTÍNEZ: *TRANSFIXIÓN*



Danza

En colaboración co Colectivo RPM-Residencias Paraíso.
*Transfixión* é unha peza que xira arredor do acto de facer, entendida como un exercicio de misticismo de baixa intensidade, un movemento constante de ida e volta entre o interior —escuro, opaco— e un exterior que, de tan visible, se volve difícil de descifrar. Inspirada na idea de “entrar máis dentro na espesura”, a proposta forma parte dun proceso de investigación que o artista vén desenvolvendo desde hai anos e que continúa no marco das Residencias Paraíso. Tras a residencia no Convento de Santa Clara durante o mes de maio, preséntase agora ao público como un traballo aberto.

Fran Martínez é un bailarín e coreógrafo galego. Formouse en interpretación e danza en diferentes escolas de España, Portugal e Bélxica. Recibiu a bolsa DanceWeb–ImpulsTanz do Festival de Viena de 2019. Traballou con Teatro Ensalle, Tino Sehgal, Dora García, Amélia Bentes, Berio Molina, Meytal Blanaru, Jesús Rubio, Voadora-Marta Pazos, Pisando Ovos-Rut Balbís, Natalia Fernandes, Lucía Estévez, Paula Quintas, Colectivo Glovo, RosanayAris, Alba González e Sanna Kekäläinen, entre outros. É cofundador da compañía de artes do movemento Pálido Domingo, xunto a Diego M. Buceta e Belén Bouzas. Mantén un idilio artístico con Elena Carvajal: conxuntamente crearon *Somaficción* (2022) e *Realmente ahora no ya no* (2024), e acompáñanse de xeito estable noutros proxectos, encontros e contextos.

Ficha técnica: Creación e interpretación: Fran Martínez/Ollo externo: Natalia Fernandes/ Dramaturxia do corpo e do espazo: Lipi Hernández/ Fotografía e vídeo: Lucía Estévez/Apoios: Centro Cultural Conde Duque + Coreógrafos en Comunidade (Madrid), Centro Danza Canal (Madrid), Teatro Ensalle (Vigo), Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), La Caldera (Barcelona), Colectivo RPM-Residencias Paraíso e Bienal de Artes Vivas de Pontevedra

En colaboración con Colectivo RPM-Residencias Paraíso.
*Transfixión* es una pieza que gira alrededor del acto de hacer, entendida como un ejercicio de misticismo de baja intensidad, un movimiento constante de ida y vuelta entre el interior —oscuro, opaco— y un exterior que, de tan visible, se vuelve difícil de descifrar. Inspirada en la idea de “entrar más adentro en la espesura”, la propuesta forma parte de un proceso de investigación que el artista lleva desarrollando desde hace años y que continúa en el marco de las Residencias Paraíso. Tras la residencia en el Convento de Santa Clara durante el mes de mayo, se presenta ahora al público como un trabajo abierto.

Fran Martínez es un bailarín y coreógrafo gallego. Se ha formado en interpretación y danza en diferentes escuelas de España, Portugal y Bélgica. Recibió la beca DanceWeb-ImpulsTanz del Festival de Viena en 2019. Ha trabajado con Teatro Ensalle, Tino Sehgal, Dora García, Amélia Bentes, Berio Molina, Meytal Blanaru, Jesús Rubio, Voadora-Marta Pazos, Pisando Ovos-Rut Balbís, Natalia Fernandes, Lucía Estévez, Paula Quintas, Colectivo Glovo, RosanayAris, Alba González y Sanna Kekäläinen, entre otros. Es cofundador de la compañía de artes del movimiento Pálido Domingo, junto a Diego M. Buceta y Belén Bouzas. Mantiene un idilio artístico con Elena Carvajal: conjuntamente crearon *Somaficción* (2022) *Realmente ahora no ya no* (2024), y se acompañan de manera estable en otros proyectos, encuentros y contextos.

Ficha técnica: Creación e interpretación: Fran Martínez/Ojo externo: Natalia Fernandes/ Dramaturgia del cuerpo y del espacio: Lipi Hernández/Fotografía y vídeo: Lucía Estévez/ Apoyos: Centro Cultural Conde Duque + Coreógrafos en Comunidad (Madrid), Centro Danza Canal (Madrid), Teatro Ensalle (Vigo), Agencia Gallega de las Industrias Culturales (AGADIC), La Caldera (Barcelona), Colectivo RPM-Residencias Paraíso y Bienal de Artes Vivas de Pontevedra

NAS MARXES
CONVENTO DE SANTA CLARA
BIENAL DE ARTES VIVAS PONTEVEDRA
DO 2 AO 12 DE XULLO DE 2026



# ÁNGELA MILLANO: *ESCARLET*



Danza. Estrea en Galicia

*Escarlet* é un proxecto de investigación e creación coreográfica que se sitúa entre o performativo e o expositivo, como un espazo onde o visible se lle ofrece á mirada en forma de imaxe e volume. Desde aí, a peza pregúntase pola relación bidireccional entre corpo e voz, entre garganta e pelve. Desenvólvese a través de prácticas corporais baseadas na escoita, partindo da idea de que nada está completamente quieto nin en silencio absoluto. Neste sentido, inscribir no marco conceptual do raro, daquilo que, aínda pertencendo a este mundo e resultándonos familiar, non termina de encaixar.

Ángela Millano (Vitoria-Gasteiz, 1987) é licenciada en Filosofía e graduada en Danza Contemporánea, cun máster en Prácticas Escénicas e Cultura Visual. O seu traballo céntrase na creación e investigación dentro das prácticas artísticas contemporáneas, co corpo e coas súas posibilidades físicas, políticas e poéticas como eixe. As súas pezas en solitario contaron co apoio de institucións e centros artísticos tanto estatais coma internacionais e presentar en espazos coma Azkuna Zentroa, Tabakalera Centro Internacional de Cultura Contemporánea, La Casa Encendida, Artium, o Museo de Arte Contemporánea do País Vasco, Tenerife.LAV, Dock 11, o centro de coreografía K3 de Hamburgo, Teatros del Canal e o CCCC Centre del Carme, entre outros. Colabora regularmente con artistas coma Julián Pacomio, Blanca G. Terán e La Señorita Blanco.

Ficha técnica: Concepto e *performer*: Ángela Millano/ Acompañamento: Nazario Díaz e Julia Rodríguez/ Acompañamento técnico: Víctor Colmenero Mir/ Apoios: Sortutakoak 17 (Dantzagunea), Residencias (2+2)2 (La Inestable e Espacio Benamil) e In_ Prescindibles #51 (La Poderosa)

*Escarlet* es un proyecto de investigación y creación coreográfica que se sitúa entre lo performativo y lo expositivo, como un espacio donde lo visible se ofrece a la mirada en forma de imagen y volumen. Desde ahí, la pieza se pregunta por la relación bidireccional entre cuerpo y voz, entre garganta y pelvis. Se desarrolla a través de prácticas corporales basadas en la escucha, partiendo de la idea de que nada está completamente quieto ni en silencio absoluto. En este sentido, se inscribe en el marco conceptual de lo raro, de aquello que, aun perteneciendo a este mundo y resultándonos familiar, no termina de encajar.

Ángela Millano (Vitoria-Gasteiz, 1987) es licenciada en Filosofía y graduada en Danza Contemporánea, con un máster en Prácticas Escénicas y Cultura Visual. Su trabajo se centra en la creación e investigación dentro de las prácticas artísticas contemporáneas, con el cuerpo y sus posibilidades físicas, políticas y poéticas como eje. Sus piezas en solitario han contado con el apoyo de instituciones y centros artísticos tanto estatales como internacionales y se han presentado en espacios como Azkuna Zentroa, Tabakalera Centro Internacional de Cultura Contemporánea, La Casa Encendida, Artium, el Museo de Arte Contemporáneo del País Vasco, Tenerife.LAV, Dock 11, el centro de coreografía K3 de Hamburgo, Teatros del Canal y el CCCC Centre del Carme, entre otros. Colabora regularmente con artistas como Julián Pacomio, Blanca G. Terán y La Señorita Blanco.

Ficha técnica: Concepto y *performer*: Ángela Millano/Acompañamiento: Nazario Díaz y Julia Rodríguez/Acompañamiento técnico: Víctor Colmenero Mir/Apoyos: Sortutakoak 17 (Dantzagunea), Residencias (2+2)2 (La Inestable y Espacio Benamil) e In_Prescindibles #51 (La Poderosa)

# MANUEL RODRÍGUEZ: *ALIEN*



Danza. Estrea en Galicia

Dise que, cando as e os astronautas volven á Terra despois de vela desde tan lonxe, o real adquire para eles matices de ficción. O planeta deixa de ser unha noción abstracta e inalcanzable; mentres quen observa se volve cada vez máis pequena ou pequeno, o planeta faise máis grande, demasiado grande. Entón, as palabras comúns xa non son suficientes e a conciencia dun mesmo expándese máis aló dos seus límites. É nesta expansión, neste corremento do real cara ao ficcional, onde comeza *Alien*, un lugar de estrañamento, resistencia e transformación. Aquí, o corpo non só comunica, senón que devén nun espazo no que identidade e percepción se suspenden ingrávidas, abríndose a novas potencialidades.

Manuel Rodríguez é bailarín, coreógrafo e artista visual, graduado no máster Novas Prácticas Performativas pola Universidade das Artes de Estocolmo. A súa práctica interroga as condicións contemporáneas de aparición do corpo, tratándoo como un espazo de fricción onde percepción, materia e relación se entrecruzan. As súas creacións erosionan as estruturas da linguaxe e os dispositivos que organizan o visible, e abren zonas de indeterminación desde as que pensar outras formas de presenza. Ao longo da súa carreira como intérprete, colaborou con coreógrafos de proxección internacional coma Marcos Morau, formando parte da compañía La Veronal durante dez anos, James Thierrée ou Carmen Werner. Entre as súas máis de quince obras escénicas —alén de proxectos editoriais, audiovisuais e instalativos— destacan *ZERO*, *Body on Paper*, *Alien*, *Screensaver*, *R.E.M.* e *Manu*. Recentemente estreou *Otra cosa que no es una conferencia* no Mercat de les Flors de Barcelona.

Se dice que, cuando las y los astronautas vuelven a la Tierra después de haberla visto desde tan lejos, lo real adquiere para ellos matices de ficción. El planeta deja de ser una noción abstracta e inasible; mientras quien observa se vuelve cada vez más pequeña o pequeño, el planeta se hace más grande, demasiado grande. Entonces, las palabras comunes ya no son suficientes y la conciencia de uno mismo se expande más allá de sus límites. Es en esta expansión, en este deslizamiento de lo real hacia lo ficcional, donde comienza *Alien*, un lugar de extrañamiento, resistencia y transformación. Aquí, el cuerpo no solo comunica, sino que deviene un espacio en el que identidad y percepción se suspenden ingrávidas, abriéndose a nuevas potencialidades.

Manuel Rodríguez es bailarín, coreógrafo y artista visual, graduado en el máster Nuevas Prácticas Performativas por la Universidad de las Artes de Estocolmo. Su práctica interroga las condiciones contemporáneas de aparición del cuerpo, tratándolo como un espacio de fricción donde percepción, materia y relación se entrecruzan. Sus creaciones erosionan las estructuras del lenguaje y los dispositivos que organizan lo visible, y abren zonas de indeterminación desde las que pensar otras formas de presencia. A lo largo de su carrera como intérprete, ha colaborado con coreógrafos de proyección internacional como Marcos Morau, formando parte de la compañía La Veronal durante diez años, James Thierrée o Carmen Werner. Entre sus más de quince obras escénicas —además de proyectos editoriales, audiovisuales e instalativos— destacan *ZERO*, *Body on Paper*, *Alien*, *Screensaver*, *R.E.M.* y *Manu*. Recientemente ha estrenado *Otra cosa que no es una conferencia* en el Mercat de les Flors de Barcelona.







# ALEJANDRA POMBO SU: *E OS OCOS COMEZARON A PEGARSE*



*Performance*. Estrea absoluta

Alejandra Pombo Su desenvolve unha obra performativa baseada no berro, explorando a voz a través de modulacións, vibracións e intensidades en relación con espazos e contextos específicos. O berro funciona como punto de entrada, como eixe, cara a unha vasta paisaxe interior cuxa superficie posúe unha forza psicacústica chea de matices, que se despregan en función de cada situación. Trátase dunha obra que deconstrúe as relacións establecidas entre a voz e a persoa, entre quen expresa e quen é expresado, transitando entre a autoficción e o devir posthumano. Xera, ademais, unha dinámica negativa que socava a conmensurabilidade entre ser e aparencia, en favor de experiencias perturbadoras, a miúdo viscerais, das que resulta imposible escapar.

